

No caso de que un/ha empresario/a queira contratar a un/ha traballador/a comunitario/a, o procedemento non se diferencia do utilizado para a contratación nacional.

Son persoas comunitarias os/as nacionais dos seguintes países: UE (Alemania, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Países Baixos, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Luxemburgo, Malta, Polonia, Portugal, Reino Unido, República Checa, Romanía e Suecia), Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Noruega, Islandia e Liechtenstein) e Confederación Suíza.



**Concellería de Servizos Sociais,
Muller, Igualdade e Sanidade**

Programa de Atención a Inmigrantes

Casa do Concello
R/ Eijo Garay, 20
982586000-982580609
27880 Burela

Oficina de Estranxeiros

R/ Río Neira, 19-23
982759070-982759074
27002 Lugo

**CONTRATACIÓN DE
TRABALLADORES /AS
ESTRANXEIROS/AS**



No suposto de que se queira contratar a un/ha extracomunitario/a, o/a empregador/a debe dirixirse a Oficina de Estranxeiros correspondente e iniciar unha solicitude nominativa de traballador/a, indicando o emprego, sector, país,... As dúas vías son o Catálogo de ocupación de difícil cobertura e o Contingente.

¿Que tipos de autorizacións de traballo se poden solicitar e quenes poden facelo?

-Autorización inicial de traballo por conta allea: Poderá limitarse a un sector de actividade e ámbito xeográfico. A súa validez é dun ano. Deberá ser solicitada persoalmente polo/a empregador/a ou no caso de empresas, polo/a representante legal empresarial.

-Renovación de autorización de traballo por conta allea: Permite desenvolver calquera actividade en todo o territorio nacional. Ten unha validez de dous anos e debe ser solicitada persoalmente polo/a traballador/a.

¿Teño que seguir algún outro trámite?

É necesaria a afiliación e a alta do/a traballador/a no Sistema de Seguridade Social.

¿Que facer cun/ha traballador/a que teña a autorización de traballo permanente?

A tarxeta permanente ou de longa duración autoriza a residir en España indefinidamente e traballar en igualdade de condicións que os/as españois e españolas.

¿Debo pagar algunha taxa pola expedición da autorización para traballar en España?

Se é para traballar por conta allea, será o/a empregador/a o que está obrigado /a a pagar as taxas para a autorización de traballo inicial.

¿Que requisitos debe reunir o/a empresario/a?

-Que a empresa esteña inscrita no correspondente réxime de Seguridade Social e se atope ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
-Que as condicións fixadas se axusten ás establecidas na normativa laboral vixente en España.



¿Que outros documentos me poden solicitar?

-DNI ou CIF e documento de inscrición da empresa na Seguridade Social ou documento acreditativo de estar exento/a, e no caso de que a empresa esteña constituída como persoa xurídica, documento público que outorgue a representación legal da mesma a favor da persoa física que formule a solicitude.
-O contrato de traballo ou oferta de emprego no modelo oficial establecido.
-Documentos que acrediten os medios económicos, materiais ou persoais dos que dispón para o seu proxecto empresarial e para facer fronte as obrigacións correspondentes.

¿Como ten que ser o contrato para aqueles/aquelas estranxeiros/as que van solicitar arraigo social?

O contrato de traballo ten que ser dun ano de duración a xornada completa e no mesmo ten que aparecer unha cláusula onde se especifique que o dito contrato entrará en vixencia cando se obteña a correspondente autorización de residencia e traballo.